

un gran pulo para a danza e as artes vivas

Unha crónica de Ana Abad de Larriva sobre as xornadas de danza e artes vivas en Galicia



Os días 11 e 12 de marzo o Teatro Colón da Coruña acolleu as Xornadas de Danza e Artes Vivas: A Cultural (Plural) é un Dereito. O programa estaba comisariado por Sabela Mendoza e Caterina Varela, coordinadoras do proxecto Cara a unha escena plural, que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia, e elas foron tamén as encargadas de introducir e guiar as diferentes mesas de debate e relatorios que conformaron as xornadas.

Para a súa realización fíxose un esforzo, a pesar da redución de aforo e demais restricións sanitarias, de apostar pola presencialidade, ademais de ofrecer tamén a opción de seguir o programa en directo a través da canle en YouTube da Deputación da Coruña, organizadora do proxecto. E a escolla deu os seus froitos: foron dúas xornadas intensas, de máis de oito horas diarias, en que saíron numerosas cuestións de interese e que destacaron pola interacción, non só entre as persoas participantes das mesas senón tamén co público, producíndose intervencións continuas que enriqueceron o debate e contribuíron a completar as liñas de interese.

Como sinalaron as coordinadoras do programa, o obxectivo principal de partida era que o encontro servise para poñer en riba da mesa a problemática que arrodea a danza e as artes vivas en Galicia e sinalar posibles liñas de acción, de cara a visibilizar a súa pluralidade e contribuír a que poidan ter unha presenza regular e unha capacidade de intervención estable nos espazos escénicos e culturais galegos, onde aínda non as teñen, así como ampliar a súa relación co contexto, para que as e os profesionais da danza poidan acadar tamén un maior recoñecemento social. Ademais, a crise derivada do COVID-19 evidenciou e agravou moitos dos problemas estruturais que estaban xa presentes e a vontade é aproveitar este momento

“contar co apoio dun asesoramento especializado á hora de deseñar os programas”

de inflexión xa non para ver como volver ao mesmo lugar que antes da irrupción desta crise, senón a un lugar mellor. Foron moitas as preguntas, as inquiredanzas e tamén moitas as propostas que se sinalaron, non para solucionar de golpe unha situación complexa pero si para avanzar no camiño da construción dunha escena que sexa cada día máis diversa.

Despois dunha breve benvida e presentación da man de Xurxo Souto, deputado de Cultura da Deputación da Coruña e das comisarias das xornadas, o xoves abriuse o programa co bloque “Un teatro para a danza, a danza en todos os teatros”, que arrincou cunha mesa de debate arredor desa cuestión. Nela participaron Rut Balbís, creadora e directora da compañía Pisando Ovos; Manu Lago, xestor de danza; o coreógrafo e investigador Javier Martín; o director do Teatro Rosalía Castro, Xosé Paulo Rodríguez; e María Paredes, responsable de programación da AGADIC.

Ante a cuestión de como achegar a danza a todos os teatros, primeiro analizouse a situación actual, e os datos confirmaron que as porcentaxes de presenza da danza nos teatros públicos galegos con respecto a outros xéneros de artes escénicas son mínimas e que só hai tres teatros que a programen de xeito estable. Entre as posibles solucións abriuse tamén o debate de se volver a unha cota de mínimos podería ser ou non unha solución.

Paulo Rodríguez mencionou a importancia de ter unha visión panorámica, global, de todo o sistema para poder entender mellor as dinámicas que se están a desenvolver. Falouse tamén do perfil non especializado dos técnicos e técnicas de cultura, que ademais teñen que asumir moitas máis funcións que as de dedicarse unicamente á programación, recoñecéndose o seu labor e suxeríndose a proposta de que puidesen contar co apoio dun asesoramento especializado á hora de deseñar os programas de artes escénicas, especialmente en canto á danza e ás artes vivas, que son as disciplinas menos programadas.

Destacouse, porén, que esa burocratización non só afecta á administración pública. As e os profesionais da danza participantes e/ou asistentes nas súas intervencións quixeron manifestar tamén como, ao ter que dedicar un tempo cada vez maior ás cuestións administrativas, llo teñen que quitar á práctica e á creación; e fixeron tamén fincapé na precarización do sector, que ten que exercer en condicións moi precarias ou marchar fóra.

Nesa liña, Sabela Mendoza suxeriu que as axudas á produción poderían incluír xa unha distribución posterior nos teatros da rede, para aproveitar esforzos e recursos, dende un punto de vista tamén da ecoloxía. Esta cuestión estaría moi presente en moitas das mesas: como aproveitar as viaxes e explorar a posibilidade de establecer lazos coa contorna; como abrirse a outros modelos que poden estar a funcionar fóra e ver como aplicalos aquí. É que, precisamente, nas xornadas resultou moi interesante ver o xeito en que os temas e os debates se ían debullando, completando e nutriendo nas seguintes mesas, como fíos que ligaban e sostían todo o encontro.

Outro punto que se tratou foi se sería posible e unha boa opción a creación dun teatro especializado para a danza, e que camiño se podería imaxinar para iso, máis alá de conseguir que a danza poida estar presente en todos os teatros e dun xeito regular, tendo un espazo non só físico senón tamén nas diferentes programacións. Sinalouse ademais como a danza, aínda que non está presente de xeito regular nos teatros, si que foi entrando na programación de festivais de espectáculos de rúa e destacouse a necesidade de que haxa unha maior e mellor ordenación do ecosistema e unha aposta pola xeración de tecidos.

“a importancia da hibridación da escena contemporánea e de non abrir barreiras dentro das artes vivas”

Dentro do mesmo bloque, desenvolveuse a presentación e coloquio arredor do proxecto Cara a unha escena plural, coa participación das súas coordinadoras e dos responsables dalgúns dos teatros colaboradores. Nela estiveron presentes Santiago Nieto, técnico de Cultura do Concello de Outes; Pilar Otero, concelleira de Cultura de Ribadeo; Olga Mojón, directora do Teatro Principal de Ourense, e Diego García, programador do Concello de Oleiros. Nun primeiro lugar falouse do proxecto e todas as iniciativas que se veñen desenvolvendo en torno a este, especialmente no traballo co contexto. Despois, cada un/ha falou da situación no seu concello e destacáronse en todos problemas xerais de presuposto, pero tamén se reflectiu arredor de como se pode, co presuposto que se ten, facer un reparto máis equitativo para acoller unha maior diversidade na programación.

Outro punto de especial interese foi como abrir os teatros ás artistas e compañías e como establecer a relación coa mocidade, que se ve nas redes sociais que está interesada na danza, pero que logo non asiste ao teatro a ver espectáculos en vivo, ou como achegarse tamén ao alumnado das escolas de danza. Nese senso, falouse de traballar dende a educación, e de como pode influír tamén que as artes escénicas non estean inseridas nas ensinanzas regradas nos colexios e institutos.

A última mesa da mañá versou sobre as residencias artísticas e contou coas intervencións do coreógrafo e investigador Javier Martín e de Félix Fernández, artista multidisciplinar e membro fundador do Colectivo RPM, impulsor das Residencias Paraíso. Javier Martín, compartiu a súa experiencia nunha residencia desenvolvida no Teatro Colón arredor da creación da súa peza Symptoma, e destacou a importancia de buscar e establecer sinerxías con outros espazos e do traballo en código aberto, potenciando a relación co contexto, á hora de compartir coñecemento e crear vínculos. Félix Fernández aludiu ao valor que dan nas Residencias Paraíso a normalizar os usos dos espazos e á aposta que fan polas linguaxes contemporáneas: artes vivas, danza, artes do movemento..., así como á relación con diferentes contextos de creación, dentro da outra liña que promove o Colectivo RPM, os Cruceiros Paraíso. Ademais, tamén incidiu na importancia de vivir os procesos creativos e de investigación e establecer relacións coa contorna.

O xoves pola tarde abriuse a sesión co bloque “A danza nos medios: entre a divulgación, a crítica especializada e o debate social”, cun coloquio que contou coa presenza de María Yáñez, responsable de VINTE, en praza.gal; Afonso Becerra, director da Erregueté (Revista Galega de Teatro); Rubén Ramos, cofundador da plataforma Teatron, e Luisa Castiñeira, xornalista e consultora de comunicación especializada en cultura e artes escénicas en The Office Comunicación.

Abranguéronse diferentes cuestións tanto dende o punto de vista das artistas e das compañías como dos propios medios de comunicación: como establecer vínculos a longo prazo nos medios ou a importancia de poder exercer a crítica sen medo. Abordouse tamén a precarización dos medios especializados, que son os que teñen o interese e o coñecemento pero carecen de recursos; fronte aos grandes medios, que teñen máis recursos, pero que non están especializados nin, moitas veces, poden ou queren atender as manifestacións artísticas que non teñen unha demanda masiva.

Rubén Ramos referiuse á importancia de ter en conta a hibridación da escena contemporánea e non abrir barreiras dentro das artes vivas. Dende ese punto de vista, debateuse tamén arredor da cuestión terminolóxica que as arrodea (que son exactamente?; é este o termo

“dialogar coas contornas máis pequenas e cos circuitos independentes, onde xorden propostas diferentes”

máis pertinente?; onde van?; onde se encadran?); e da diferenza que existe entre empregar os termos para entender, analizar e afondar na análise e no coñecemento e usar as palabras como etiquetas que xeran fronteiras.

Deseguido, Rui Torrinha, responsable da programación artística do Centro Cultural Vila Flor e do Festival GUIDance en Guimarães, presentou o modelo cultural que hai detrás deste proxecto, que vén de celebrar o seu décimo aniversario, e da aposta da cidade portuguesa pola (pluralidade na) cultura. Tamén fixo mención ás diferentes capas en que traballa o festival, atendendo non só á mostra, senón tamén á experimentación e á programación expandida en relación co seu contexto. Alén diso, este proxecto mantense e renóvase cada ano a través do diálogo continuo con todos os axentes e a súa intención é irradiar e seguir atopando sinerxías con outros contextos creativos, para o que se mostran completamente abertos á hora de abrir novos procesos colaborativos e tender novas pontes. Outro punto moi interesante foi a defensa que fixo Torrinha de dialogar tamén coas contornas máis pequenas e cos circuitos independentes, onde xorden moitas veces propostas diferentes.

Por último, a xornada tivo o seu peche co bloque “Renovar as relacións: territorio, mobilidade e sustentabilidade”, que contou coa presenza de Nuria Sotelo, creadora, directora da compañía Licenciada Sotelo e responsable do espazo de residencias artísticas A Casa Vella en Allariz; de Víctor López Carbajales, xestor cultural, responsable de produción da plataforma cultural SOLODOS e organizador do Festival Manhattan; do investigador transdisciplinar Fran Quiroga e de Diego Vázquez Meizoso, xerente de Escena Galega e coordinador do programa Camiño Escena Norte.

Aquí xurdiu o debate arredor de conceptos como mobilidade e sustentabilidade, de como nos relacionamos co territorio que nos arrodea e de como nos achegamos ao rural. Se é como unha fuxida porque non hai un oco na cidade ou por unha vontade real; se é para crear algo vinculado co contexto ou para xerar unha experiencia espectacular dirixida ao público urbano.

Abordouse tamén como atender os territorios periféricos, como deseñar estratexias sostibles de distribución á hora de organizar as xiras, como superar o concepto de poñer unicamente o foco na exhibición e apostar por relacións máis complexas cos espazos, especialmente en canto ao establecemento de lazos coa contorna, ou a ter unha maior xenerosidade cos tempos. E volveuse falar outra vez de tecer redes, de crear sinerxías e de coidarnos.

O venres deu comezo a segunda e última xornada co bloque “Innovación xurídica, participación e cooperación”. Arrancou cunha presentación da man de Ania González Castiñeira, avogada, crítica de arte e investigadora cultural, arredor dos procesos participativos para as políticas públicas, en que abordou diferentes casos e achegou unha serie de ferramentas. Fixo fincapé na importancia de coñecer os nosos dereitos e liberdades e de non ver as reclamacións ou os procedementos xudiciais como algo extraordinario afastado do cotián e como a iniciación dun conflito senón como a posibilidade de obter unha axuda, unha mediación, e non sentir que estamos desprovistas. Falou así mesmo da importancia da innovación xurídica, nos procesos e na xestión, pero tamén de coñecer con que ferramentas xa contamos, porque ás veces o noso coñecemento do que xa temos ao noso alcance é moi limitado e pode que xa haxa ferramentas das que poidamos usar man, de aí a necesidade de inventarialas.

Ania tamén aludiu á importancia da viabilidade administrativa e efectiva da participación e da creación, como dereitos fundamentais, e expresou que a situación actual vén definida por

“a polisemia da palabra poder, o punto de vista da potencia”

arredor de tres décadas dun modelo de política cultural concreto. De feito, a cuestión da política ou políticas culturais estivo tamén presente noutros momentos das xornadas, chegando a falarse mesmo a todos os niveis dunha ausencia de políticas culturais, de proxectos culturais concretos, panorámicos e mantidos no tempo.

Ela considerou que querer cortar a vinculación entre o coñecemento técnico e clásico e a suposta inintelixibilidade das prácticas contemporáneas (á que tamén se fixo mención en determinados momentos das xornadas) é unha política cultural que hai que reconducir e reconectar, pois é moi prexudicial. Ademais, sinalou a gravidade de que as políticas culturais non atendan as prácticas culturais minoritarias, vulnerando dereitos fundamentais, e resaltou a oportunidade que ofrecen as crises para provocar un cambio. Por último, puxo en cuestión se os procesos de participación o son en realidade e contextualizou diferentes proxectos; entre eles, o Plan Integral da Danza.

Á seguinte mesa sumáronse Roberto Pascual, director da MIT de Ribadavia, investigador teatral e profesor na ESAD de Galicia, e Natalia Balseiro, xestora cultural e mediadora independente e membro da Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega. Nela reflectiuse arredor da importancia de facer un esforzo para rescatar os proxectos e o material xurdidos en moitas mesas de traballo, moitos abertos, algúns semella que encallados, e extraer a aprendizaxe que de cada un deles se deriva para darlles un novo pulo, e como ir descompoñendo os problemas, as fronteas abertas, en pasos pequenos pero factibles.

Falouse tamén do terceiro sector profesional das artes escénicas, en canto á necesidade dun cambio estrutural, dun cambio do modelo que favorece a precariedade e que se basea na política do bolo e non atende aos tempos e as necesidades da creación. Fíxose fincapé tamén na importancia de defender e apoderarse dos procesos de participación, así como de que estes vaian sempre avalados por un seguridade xurídica, para que logo poidan ir adiante, e sinalouse que a acumulación de tentativas que non se rematan de materializar pon en evidencia a distancia coa política e tamén a fragilidade da propia práctica cultural, e reforza a necesidade de que poida haber unha base lexislativa que ampare as artes escénicas en Galicia.

Fátima Anllo, investigadora, xestora cultural e directora do Observatorio de Creación e Cultura Independente, cuxa intervención estaba prevista para a seguinte mesa, quixo facer xa unha alusión á relación entre participación e poder. A raíz disto, abriuse tamén a cuestión do problema da polisemia das palabras, neste caso a palabra poder, e como a participación por parte dos e das artistas debería ir dirixida a achegar os coñecementos artísticos e a experiencia das prácticas, dende a súa experiencia e dende un punto de vista da potencia.

No seu relatorio, a investigadora achegou datos moi interesantes á hora de diagnosticar a situación das prácticas escénicas tanto en Galicia como en relación co resto do Estado. Sinalou como a crise de 2008 serviu de catalizador dunha enfermidade que xa estaba presente e que tivo como consecuencia o desmantelamento das unidades de creación. Produciuse un descenso do caché medio e os salarios descenderon un 73 por cento pero a actividade mantívose. Así, as compañías, dende esta precarización da súa situación, son as que están a permitir que as actividades sigan a disposición do público.

En Galicia a produción parte, en primeiro lugar, de recursos propios; en segundo lugar, de axudas; e, en terceiro lugar, de pedir un crédito, e isto, como indicou Anllo, sitúa a práctica nun altísimo risco, fronte ao resto do Estado, en que o modelo xerarquiza outras fórmulas.

“que tipo de relación quere ter un teatro coa súa contorna?”

Ademais, en Galicia tamén hai uns ingresos menores para a explotación do repertorio. Detrás de todo isto, unha vez máis estaba a necesidade de que se produza un cambio no sistema, nos modelos. Porén, hai algo moi positivo e que abre unha potencialidade, e é o apoio a actividades culturais por parte da cidadanía, en concreto, a aquelas coas que se senten vinculadas en canto a uns valores compartidos. A cuestión que apuntou ela é ver o xeito de espertar vínculos emocionais cunha poboación que ten unha maior predisposición a facelo.

A mañá do venres pechouse cunha mesa de debate sobre a participación e a colaboración nos procesos de creación en danza, en que interviñeron Julia Laport e Sabela Domínguez, bailarinas e directoras da compañía Elahood; Fran Martínez, bailarín e membro da compañía Pálido Domingo, e Xián Martínez Miguel, coreógrafo e bailarín. Foron diferentes as prácticas e cuestións que saíron: dende modelos intrinsecamente colaborativos, como o que desenvolven as integrantes de Elahood, a proxectos pequenos, precarizados, en que se rematan por asumir e reproducir as vellas estruturas e prácticas violentas do sistema, ás que aludiu Fran Martínez. Pola súa beira, Xián Martínez Miguel compartiu diferentes exemplos procedentes da súa experiencia arredor de proxectos que permitían un grao de participación moi alto e outros que eran completamente xerárquicos e limitantes en canto á posibilidade de participar.

Debateuse, xa que logo, arredor de como atopar un lugar propio en proxectos en que se vai como convidada ou convidado. Algunhas das claves que se apuntaron foron: a importancia de saber en que lugar se está en cada proxecto e, na medida do posible, en prácticas que poderían ser o lugar idóneo para falar e coidarse, tratar de non adoptar patróns adquiridos e adecuarse á realidade da propia experiencia concreta.

Pola tarde o debate continuou coas mesmas persoas, pero completamente aberto ao público e mesmo se deixaron varias cadeiras baleiras para, previa desinfección, que quen quixese puidese subir ao escenario e intervir. Arrancou coa proposta de imaxinar entre todas un código deontolóxico na danza e, nesa liña, Caterina Varela sinalou que a ética, en canto ao modo de facer, o atravesa todo, polo que destacou a importancia de enunciar o noso código deontolóxico, non só de que estea de xeito inconsciente detrás do que facemos. Así, convidou tamén á reflexión sobre en base a que decisións éticas adoptamos un camiño ou outro, facemos as cousas dun xeito ou do outro.

A proposta mesturouse cun debate arredor da ética e as boas prácticas no traballo performativo. Abordáronse tamén diversas cuestións éticas ás que se enfrontan as artistas (canto tempo dedico aos proxectos non remunerados?, ata onde podo axustar o meu caché?, que dinámicas de relación establezo coas artistas con que traballo?) e as institucións (que tipo de relación quere ter un teatro coa súa contorna?, que tipo de programación quere ofrecer?).

Reflectiuse tamén arredor de como moitas veces os dilemas que se nos presentan son bastante perversos e como nun contexto precarizado ás veces é difícil adoptar de xeito individual determinadas opcións ou medidas, de aí a necesidade da unión para poder esixir uns mínimos. Entón, como se pode chegar a planos comúns? Unha das liñas que se sinalou foi non ter códigos pechados, senón ter uns mínimos e máximos dende os que poder atopar puntos en común, establecendo as liñas de acción e as liñas vermellas; dirixir a atención, escoitarnos, escoitar a quen nos acompaña, o contexto... para poder coidarnos.

O coloquio deixou paso ao relatorio de Javier Cuevas, artista e xestor cultural, responsable de Tenerife Lav e presidente da Federación Estatal de Compañías y Empresas de Danza,

“toca seguir camiñando, achegándonos e encontrándonos”

FECED, que falou sobre os valores na xestión de proxectos públicos de artes vivas. Cuevas fixo mención a varios proxectos de xestión cultural e defendeu a importancia de construír unha ética dende o corpo conxunta, consensuada, entre todas. Outra cuestión interesante foi poñer en evidencia a distancia entre as artistas e o sitio en que se producen as tomas de decisións, e abriu a pregunta de como é posible abordala para facer que os nosos corpos estean máis preto deses lugares.

No marco deste relatorio, aludiuse tamén ao perigo de adoptar o cinismo, que pode ser máis grave aínda que o pesimismo, e volveuse facer mención á perversidade das dinámicas e decisións que se ancoran no concepto do mal menor, nas dúas opcións excluíntes, así como no conformismo de pensar que non se pode facer nada, polo que cómpre facer autocrítica, para analizar as propias accións e sensacións. Por iso se destacou a importancia de encontros como estes que fan sentir que hai comunidade de persoas que queren facer algo xuntas por cambiar as cousas.

Javier Cuevas permaneceu tamén na última mesa de debate das xornadas, “Códigos deontolóxicos. Falando de ética e estética”, á que se sumaron Cris Vilariño, creadora e xestora cultural e responsable de Lugo en Danza, LED; Paula Quintas, creadora e codirectora de Tras-Pedante e do festival Corpo (a) Terra, e Fernanda Barrio, codirectora da Sala Ártika. Faláron arredor de se podían cumprir sempre as súas pautas éticas, e compartiron como a propia experiencia como creadoras contribuíu a que adopten prácticas que van enfocadas a coidar as artistas, en función de como lles gustaría a elas que as tratasen, para replicar bos tratos que elas recibiron na súa propia práctica artística ou para, pola contra, para evitar repetir condutas que para elas resultaron desagradables e mesmo traumáticas. Tamén faláron de como as necesidades do sector impulsaron que decidisen dedicarse á xestión.

Chegar a conclusións pechadas non era posible, pola complexidade de todas as cuestións abordadas pero as xornadas pecháronse coa vontade por parte das coordinadoras, como recolleu Sabela Mendoza, de que o encontro deixase un pouso, unha sacudida e unha semente para proxectos futuros. E abofé que así foi. Quedan as sensacións, as vibracións, as inquedanzas, as reflexións, os datos e as propostas compartidas, e tamén a posibilidade de volver asistir a todo o programa a través dos vídeos que quedaron rexistrados na canle de YouTube da Deputación da Coruña. Agora toca seguir camiñando, achegándonos e encontrándonos, e traballando todos os axentes implicados para que a escena poida ser cada día un espazo máis plural en simbiose coa súa contorna.

Unha crónica de Ana Abad de Larriva, marzo 2021.

Publicada na órbita das “Xornadas de danza e artes vivas en Galicia: a cultura (plural) é un dereito”, organizadas pola Deputación da Coruña e comisariadas por Caterina Varela e Sabela Mendoza a través de Cara a unha escena plural que se celebraron no Teatro Colón os días 11 e 12 de marzo de 2021.